



Transcripciones

UNIDADE 1

E foi así como cho conto...

2. UNHA MAREA NEGRA

PISTA 1

1.

- Noticias de última hora. Seguimos cubrindo as noticias que nos chegan desde Fisterra. Para iso, imos conectar co noso correspondente na zona, Xurxo Ares. Xurxo, hoxe, vinte de novembro, confirmáronse os peores presaxios. Onte, finalmente, rompeu o *Prestige* fronte á costa, como se vive a noticia aí en Fisterra?
- Pois con desolación, con tristura e con moita rabia. Levabamos seis días expectantes observando o percorrido do barco á deriva e onte, realmente, ocorreu o peor. E a rabia aumenta a medida que se coñecen máis datos do petroleiro: por exemplo, que era un barco moi vello, que fora construído en 1976, e que xa tivera algún accidente anterior, como un en Italia en 1991. Segundo os técnicos, era un barco que non reunía as condicións para viaxar.
- Xurxo, como comentas, foron seis días de incerteza ata este desenlace. Podes resumir os feitos máis salientables destas xornadas de tensión?
- Si. Todo comezou o día 13 de novembro cando se recibiu unha chamada de socorro do barco. A media tarde, os helicópteros de Pesca de Galicia rescataron a 24 dos 27 tripulantes que viaxaban alí. O capitán e dous técnicos quixeron ficar a bordo. Ao día seguinte, os remolcadores comezaron a levar o barco cara a dentro do mar, lonxe da costa, e, nese punto, as condicións do barco ían empeorando porque xa tiña unha rotura nos tanques. O día 15 desaloxaron os tripulantes que quedaban. O capitán, en concreto, foi arrestado porque non colaborara nos labores de rescate. Despois, outros barcos fórono remolcando ata o sur, cara a Portugal, e xa ía perdendo fuel. Finalmente, o día 19, onte, o barco partiu en dous polos tanques centrais.

PISTA 2

2.

- Noticias de última hora. Estamos informando sobre o desastre do *Prestige* e temos ao teléfono a Nuria, unha voluntaria que está na zona para axudar nos labores de limpeza da costa. Ola, bo día, Nuria. De onde es?
- Eu son de Silleda.
- Como estades traballando? Hai algún tipo de organización?

- Ben... Pois imos facendo como podemos. Déronnos uns traxes e tamén máscaras, por sorte!, porque o olor é insoportable, o olor do chapapote. E algúns tamén traballan con luvas, pero non hai para todo o mundo. Seica están a piques de solucionalo. O problema é nas rochas, que hai que coller o chapapote coas mans. E na praia, aínda, con palas, pois imos limpando... o que podemos.

- E onde estades aloxados?

- Estamos durmindo no pavillón municipal. Trouxemos sacos de durmir e alí estamos. Polo menos estase ao quente, porque vai un frío estes días... E a xente está colaborando moito. A xente da vila está moi pendente de nós. Encárgase de preparar a comida para os voluntarios, tamén trouxeron toda a louza das súas casas: pratos, cubertos... E a verdade é que cando chegas despois dun día así de traballo e topas o prato de lentellas quentiño, agradécese.

- Canto tempo vos quedaredes pola zona?

- Temos que irnos xa dentro de dous días porque traballamos xa... e non sei como vai quedar isto. Disque as autoridades están tomando cartas no asunto, pero de momento non sei de que tipo...

- Hai algo que creas que se pode facer para mellorar a situación?

- Home, o que hai que facer sobre todo é parar, parar o fuel, porque limpamos de día, a praia queda ben pola noite, pero é desalentador: chegamos pola mañá e encontrámo-lo todo igual. Hai que pór unha barreira no mar e paralo dunha vez e... Xa. Dalgunha maneira hai que parar isto.

- Moitas grazas, Nuria, e moita sorte.

6. QUE EXPERIENCIA!

PISTA 3

- Como foi o maratón?

- Vaia maratón! Mira, apuntáranse unhas 10.000 persoas, creo que o dobre do que esperaba a organización, e claro, xuntámonos todos á mesma hora na saída. Un descontrol!

- Claro, xa imaxino...

- Igual pensaron que a xente iría chegando de forma graduada, pero, se din que empeza ás 12, é normal que a xente chegue ás 12. Non sei que esperaban!

- Pois claro...

- En fin..., ademais outros anos ían dando botellas de auga durante todo o percorrido, e agradecíalo moito, a verdade, e este ano, nada. E mira, o peor foi ao final, que xa estabamos chegando e aquilo non se movía, formouse un tapón impresionante porque a xente de atrás seguía chegando, e algunhas persoas coa calor e a presión, e non sei se a deshidratación, o caso é que empezaron a caer coma mos-

cas, desmaios, de todo, e as ambulancias aínda por riba non podían chegar ata alí.

- Pero que desastre, non?
- Eu pensei que íamos morrer todos esmagados, que medo! Ao final tiveron que chamar a policía local, que empezou a indicarlle á xente que collese unha rúa alternativa.
- Home, normal!
- E ata vimos un helicóptero tentando seguir o percorrido. Por sorte foron freando os que viñan cara á meta e ao final aquilo non acabou tan mal como podería acabar, pero creo que houbo varios feridos.
- Aínda ben que non foi tan grave.

9. EXCURSIONISTAS PERDIDOS

PISTA 4

1.

- Bos días. Estamos cubrindo a nova dos excursionistas perdidos no Courel. Agora imos entrevistar a Xosé González. Vostede forma parte do equipo de rescate, non si?
- Si, efectivamente, eu estou no equipo.
- E a busca comezou onte á tarde, non?
- Si, pero durante a noite non atopamos nada, e agora xa estamos a mediodía e seguimos sen atopar nada.
- E que se sabe do rescate?
- Pois a cousa está mal. Os servizos meteorolóxicos avisaron de que había risco de temporal, pero a xente, nada, non fai caso ningún, arrisca demasiado e pasa o que pasa. Ademais, esta zona é moi perigosa, non é para novatos, o cambio de tempo foi moi rápido e tivemos que atender varias hipotermias. A xente é moi imprudente, aínda non sabemos cal é a magnitude do accidente.
- Xa pero, os veciños de alí din que é outra cousa...
- Si, pois o que pasa é que ultimamente se atoparon unhas pegadas na neve como dun animal descoñecido que non podemos identificar ou que non é desta zona. Non quixemos dicilo antes para non alarmar a xente, pero xa é hora de que se saiba. Hai quen di que poden ser criaturas doutro planeta, extraterrestres e tal, non sei... Hai quen di que viron naves e luces e que incluso son as causas destes temporais, non sei, a xente fala...

PISTA 5

2.

- Seguimos coa nova dos tres desaparecidos no Courel. Temos connosco a persoa que conseguiu volver e avisar o servizo de rescate: é Tareixa Neira, compañeira dos montañeiros perdidos. Ola, Tareixa, como se atopa?

- Ben, eu ben, un pouco cansada e asustada, claro. O que me preocupa é como estarán eles. Eu puiden volver onte, cheguei á vila ás catro da tarde e avisei o servizo de rescate. E saíron enseguidiña cara a alá, pero non tivemos noticias en toda a noite.

- Pero como foi, que pasou?

- Pois... perdémonos e o vento era moi forte e estabamos moi cansos. E a verdade é que xa non tiñamos folgos para seguir e o que pasou foi que o estado da neve era moi malo. Parecía que non podíamos nin dar un paso máis e Xesús, un compañeiro, tivo unha escordadura de nocello e non podía camiñar da dor. E, claro, asustámonos porque non viamos nada nin a dez metros, e por sorte levabamos mantas e puidemos protexernos durante a treboada. E estabamos asustados porque escoitamos uns ruídos que parecían dun animal, pero non sei, era algo moi raro, é que non eran lobos, non sei..

- E logo a que se parecía?

- A nada, era un son moi forte e co eco da montaña aínda peor.

- E que fixeron?

- Pois eu que son a máis nova do grupo agarrei o compás e marchei. Dixen que ía buscar axuda e arranquei. Tardei tres horas en chegar á vila e avisei para que os rescatasen.

- E teñen os seus compañeiros comida para aguantar moitas horas?

- Pois levabamos o imprescindible, pero si, teñen chocolate, barras enerxéticas e algunhas mantas co que poden tirar un par de días máis, pero espero que os atopen antes.

UNIDADE 2

E ti, que opinas?

1. PROBLEMAS DE ESPAZO

PISTA 6

1.

- Paréceme un absurdo que teñas un terreo ou un xardín e non poderte ocupar del. Para iso, é mellor vivires nunha urbanización.
- Ah, pois eu penso que non, porque aínda que non poidas coidalo sempre, non deixa de ser un espazo teu, que o tes como queres. Ademais, haille que dar un peso a gañar á xente que se dedica a iso.

PISTA 7

2.

- Iso de facer investimentos para conservar o medio está moi ben, pero a ver quen se pode permitir os custos.

PISTA 8

3.

- A verdade é que, co ritmo de vida que levamos, fainos falla alguén que nos bote unha man coas cousas da casa.
- Pois eu creo que todo é cuestión de organizarse. Podemos ter tempo para todo, incluso para deixarmos as tarefas feitas e termos momentos para o ocio.

PISTA 9

4.

- Para min, iso dos mobles montables é un conto. Moi bonitos por fóra, pero o material é pésimo e terminan gastándose moi pronto. Ao final gastas máis diñeiro que se encargases mobles bos á medida.

PISTA 10

5.

- A min o da cinta andadora paréceme unha marabilla, eh? Gáñase moito tempo facéndoo todo na casa. E, por exemplo, podes ler ou escoitar música mentres andas.

4. NEGOCIAMOS?

PISTA 11

- E vós, como vedes iso do horario flexible?
- Pois eu só vexo vantaxes, xa que traballas as mesmas horas á semana, pero podes organizar mellor os teus horarios e...
- É verdade, e segundo ás túas necesidades persoais, por exemplo, de acordo cos horarios do colexio dos nenos ou se queres facer calquera curso ou ir ao ximnasio...
- Claro, e, ao final, seguro que lle sacas máis proveito ao teu tempo.
- Xa, iso si. Pero a min o que me preocupa é a organización no traballo. Isto vai ser un enredo se cada un vén á hora que quere, pois nunca vas saber con quen podes contar. E como moitas cousas aquí temos que decidilas en equipo... Non sei, que vos parece?
- Ben, creo que podemos organizarnos entre todos; e ademais, se non nos poñemos todos de acordo, isto non vai ser posible. Non van facer uns horarios flexibles e outros non. Iso si que sería un verdadeiro caos.

- Pois eu creo que poderíamos negociar entre todos unha franxa horaria na que todos coincidísemos, quero dicir, que nos fose ben a todos. Así si que estaría ben a proposta de horario flexible.

- Iso poderíamos falalo, digo eu. Outra cousa que podemos facer é negociar uns días concretos nos que todos esteamos aquí para coordinación e consultas.

- Si, tamén podería ser, pero...

- Eu quería propoñer algo. Mirade, flexibilidade só no horario de entrada e de saída. Se en vez de entrar ás nove, alguén entra ás once, pois logo sae dúas horas máis tarde, pero polo menos estaríamos parte da mañá ou da tarde todos xuntos. Que opinades?

- Home, eu nese caso estaría de acordo.

- Si, si, si, eu tamén.

- Pois eu aínda non o vexo moi claro. É que non vai haber ningún control... eu creo que haberá xente que vai facer menos horas das que debería. Quen se vai poñer a controlar o tempo que traballa cada un?

- Xa, iso tamén é certo. Se hai xente que chega tarde agora ou que sae tomar un café cando quere... se ademais ten horario flexible, uf! A ver o que fará.

- Claro, aí quería eu chegar. É que, enriba, esa xente é a que pide o horario flexible. Eu non acabo de ver nada claro, eh?

- Eu tampouco.

10. VILARIZ: UNHA VILA DE CULTURA E TRADICIÓN

PISTA 12

- Nos seguintes días vaise realizar na nosa vila unha asemblea veciñal na que se decidirá se a proposta de construción dun hotel con campo de golf preto do castelo, que chegará ata o Penedo da Fraga, será unha realidade ou non nos próximos anos no noso concello. A empresa construtora considera que é unha boa maneira de activar un turismo de nivel medio alto na zona, que dará pé á creación de moitos postos de traballo e que deixará na vila moitos ingresos. Por outra banda, a asociación Amigos do Castelo considera que a proposta o único que fará será danar o patrimonio histórico en beneficio da construtora e dos propietarios da instalación deportiva e do hotel. A asemblea, de carácter multitudinario, terá lugar o vindeiro mércores ás 9 da noite no auditorio da Casa da Xuventude.

UNIDADE 3

Valorarase a experiencia

1. ARTE CONTEMPORÁNEA

PISTA 13

- A min paréceme unha barbaridade que as institucións públicas anden a financiar este tipo de iniciativas que só lles interesan a uns poucos. Coa de cousas que hai que facer na cidade, podían gastalo en transporte público, en parques... Ou en máis bibliotecas se queren facer algo cultural, algo que poida estar á disposición de todos.
- Pois eu creo que foi unha boa decisión. É o que lle facía falla a esta cidade, algo que non sei, que de repente se fale dela. E a xente vén vela. E se vén máis turismo, pois mellorará a imaxe da cidade. Haberá máis diñeiro e poderanse construír máis bibliotecas desas que dis.
- Non sei, non sei... É que ademais é feísimo. Se ata foi un cárcere!
- Home, ao principio pode resultar un pouco estraño. Pero a min gústame agora. Ademais encántame a combinación da arquitectura antiga coa moderna. E está moi ben que se recuperen edificios antigos nas cidades.
- Xa, é un xeito de velo. Pero ti cres que á xente lle gusta a arte moderna? Se non se entende!
- Mira, non sei se lle gusta ou non, pero queren coñecela. As visitas aos museos aumentan cada ano e os museos cada vez son máis accesibles para todo o mundo. E ademais, necesitamos a arte. Os humanos somos creativos, necesitamos crear. En serio, eu creo que acabará gustándoches.

4. DIFERENTES FORMAS DE DICIR O MESMO

PISTA 14

- Viches o anuncio de Solplan?
- Pois non. Para que é?
- Para prazas de animadores de tempo libre.
- Mm... e cantas?
- Non sei. Non o poñen.
- Buf, pero se saíu o anuncio no xornal presentarase unha chea de xente.

- Non estou seguro, pero creo que só saíu no xornal local.
- E imaxino que piden experiencia, non?
- Pois, máis que experiencia, tes que ter feitas prácticas nalgunha empresa, é dicir, nun hotel. Puña algo así.
- E que estudos piden?
- O curso de animador de tempo libre, pero poden presentarse os que aínda non o remataron.
- Bah! Pero ao final o que máis conta é se falas idiomas e iso...
- Si, claro... o único que piden é o inglés, pero se falas outro, moito mellor.
- Si, iso seguro.
- De feito, no anuncio poñen que terán puntos para obter as prazas os que falen alemán e francés, á parte do inglés, claro está.
- Pois eu creo que me vou presentar.
- Si, eu tamén. Total, por probar... Pero non te despistes, porque me parece que admitirán solicitudes só ata o día 25.
- Ah, si. Se podo, xa o fago mañá.
- Ah, espera! Agora que lembro, os que non teñan carné de conducir non se poden presentar.
- Pero se eu o teño.
- Ai, si? E dende cando?
- Pois aprobeino en febreiro. Á terceira, pero aprobei.
- Que ben. Non o sabía.

UNIDADE 4

A vida é puro teatro

6. COMO O INTERPRETAS?

PISTA 15

1. Abres a ventá?
2. Por que non marchas?
3. Non me asustes!
4. Non podo máis!

UNIDADE 5

Dixeches que o farías

6. AUDIOVISUAL GALEGO

PISTA 16

- Trece millóns de euros, con esa cantidade dótese o plan de apoio e potenciación da produción cinematográfica, que acaba de presentar o presidente da Xunta. Un plan para os anos 2008, 9 e 10 que garante un marco estable para o sector, segundo declaracións do titular do goberno galego. Díxoo, trala reunión con representantes do sector audiovisual, entre eles o presidente do Clúster do Audiovisual Galego: Antón Reixa. Moi boas tardes.
- Ola, boas tardes.
- E así, garante a estabilidade do sector nese período, o plan?
- É un elemento que dende logo vai garantir e potenciar a continuidade dunha actividade. Refírese fundamentalmente ao que se chama o 5% e é que existe unha normativa europea que tanto as televisións públicas como privadas deben investir en produción europea o 5% dos seus ingresos. E había unha certa alarma no sector en Galicia polo cumprimento que disto estaba facendo a Televisión de Galicia. Con estes fondos adicionais se garante o cumprimento dese 5%. E explicarlle aos oíntes que fundamentalmente iso se refire á parte da televisión que máis ten que ver coa cultura, que é a produción de películas e longametraxes, de telefilmes e documentais. Ese tipo de producións que para as cadenas supoñen unha programación a medio prazo, porque normalmente existen ademais uns tempos que hai que respectar, de estrea en salas, distribución en DVD e, despois, emisión en televisión. E ese tipo de produción, que, digamos, é un pouco a Fórmula 1 da nosa actividade e o que se ve positivamente afectado por esta decisión do Goberno de Galicia.
- Daquela, vai incidir moi directamente no desenvolvemento de proxectos concretos, non?
- Si, si, si. Porque, xa digo, fundamentalmente, a inquietude do sector viña por separar o cumprimento deste 5%, que é unha obriga legal, separado, digamos dos orzamentos ordinarios de explotación da tele. É dicir, todos sabemos discernir na programación dunha televisión o que son os informativos, os programas de entretemento. E outra cousa son as películas, non as películas de produción allea que se emiten dobradas, senón as películas que se producen e coproducen en Galicia e que iso, obviamente, é onde

maiormente de forma máis clara cristaliza o valor cultural que ten a televisión.

- No pasado mes de maio as asociacións empresariais e profesionais do sector audiovisual presentaron ao presidente da Xunta un decálogo de prioridades. En que medida este plan responde a ese decálogo?
- Nese decálogo recollíase precisamente a necesidade do cumprimento do 5% e a necesidade de coordinar a política audiovisual na Televisión de Galicia, e isto incide aí. Incide directamente nese aspecto. Había que darlle unha forma técnica que ten que ver con xestión financeira e con procedementos legislativos e administrativos, e logrouse unha moi boa solución. O que pasa é que se dicía onte dicía na reunión que esperemos que este sexa o inicio dun bo camiño que necesariamente haberá que percorrer, e esperamos percorrer todos xuntos.
- Claro, porque nese decálogo falábase, por exemplo, dunha política audiovisual única. E da segunda canle...
- Pouco a pouco, por exemplo, a segunda canle eu creo que este ano si entrará en funcionamento. E máis que dunha política única falábase dunha coordinación, é dicir, hai que ter en conta que o sector audiovisual é un sector estratéxico e, polo tanto, debe ter un apoio transversal dos departamentos da Xunta e, neste momento, hai unha certa disparidade na xestión destas competencias. É importante que converxan nunha política máis sistémica.
- E trala presentación do plan, onte, como contempla o sector os vindeiros anos, con respecto xa non só a concreción destes presupostos?
- O sector contempla con alivio porque realmente era un problema que ademais estaba empezando a afectar á actividade. Eu creo que a dotación incluso supera ese mínimo legal do 5% e eu creo que ademais agora a pelota está no tellado dos axentes do sector, dos produtores de Televisión de Galicia en identificar contidos que realmente alimenten esa obrigatoriedade legal e a convertan no disfrute e culturalización dos espectadores da Televisión de Galicia.
- Moi ben, pois Antón Reixa, presidente do Clúster do Audiovisual Galego. Moitísimas gracias.
- Gracias.

9. QUEN CUMPRE GAÑA

PISTA 17

- Pasamos agora ás testemuñas do concurso. A través dos seus testemuños poderemos valorar mellor ata que punto Lois e Sonia levaron a cabo o plan co que se comprometeron. Por favor, a testemuña de Lois: Patricia.
- Si, a ver, como testemuña de Lois, pódovos resumir o que observamos entre todos. Algunhas cousas ben, pero ou-

tras non tanto. Por exemplo, eu fun no grupo de Lois ás excursións, e parecía que quería relacionarse pero sempre acababa só, debaixo dun piñeiro, e supoño que xogando co móbil. E sobre as clases de baile... pois a verdade é que si, que foi dúas veces por semana, que se esforzou moito, pero non sei... se cadra é que non ten demasiado ritmo. E o da roupa pois...

- Si, por certo. O da roupa que tal foi?
- Pois mira, o da roupa bastante ben, porque xa sabemos que Lois acostumaba vestir de negro. Pois puxémoslle un vestuario de cores que lle campaba moito, a xente di que está mellor, máis guapo, é un cambio de estilo que lle sentou de marabilla. E o de sorrir é o que non acaba de facer ben, a verdade é que a xente o ve tan serio que deixa de falarlle, pero mira, xa demos un paso.
- Mm... E que máis? Que máis?
- Pois outra cousa que compre valorar é que saíu máis cos amigos, que foi moito máis ao cine... e aínda que a verdade o do cine non sei se é o mellor para relacionarse cos amigos, pero mira, xa cambiou as relacións porque coa xente da rúa ten máis contacto, co da librería, co da panadería...
- Que forte, pero que foi o peor de Lois?
- Pois mira, o peor foi o de romper a rutina. É que é unha cousa que non ten xeito, mira que o chamamos, que lle propoñemos plans, pero nada, el sempre dando excusas: que se estaba enfermo, ou que se tiña traballo, e así. O caso é que esta parte non a cumpriu.
- Mm, ben Patricia, grazas, agora dámoslle paso á persoa que fala en nome das testemuñas de Sonia, que é Roi.
- Pois a ver, nós tamén observamos que Sonia cumpriu algúns compromisos, ou case todos, o que pasa é que a forma en que os cumpriu... pois, ás veces, non sei... eu expóño e a xente ten que valoralo.
- Claro, claro.
- Pois mira, en acordeón fixo bastantes progresos, pero falando coa profesora díxome que ás veces se notaba que practicara moito e outras nada, pero foi á clase tres veces á semana e non fallou nunca.
- Ah, iso está ben.
- Si, e cos peixes, pois, sobreviviron, coidounos e están ben. E o que podemos observar é que pasa o tempo enteiro colgada do móbil falando cos seus amigos. E eu non sei como puido ler os libros, porque cada dúas páxinas paraba e poñía música ou chamaba a un amigo...
- Que forte, que forte, o dos móbiles é moi forte. Ai, tanto móbil e tan pouco libro!
- Parece que os acabou, pero non sei se os leu moi superficialmente. Co de comer, vale, preparou pratos sans e seguiu o curso de *Comida sa*, pero é que comía de pé e facendo cousas mentres tanto. De relaxarse nada.
- Nin nós, que estamos moi nerviosos por saber quen vai gañar esta gran final!

UNIDADE 6

Lugares con encanto

7. QUEIXAS E PROTESTAS

PISTA 18

- Pois o que pasou foi que eu tiña previsto voar de Santiago a Madrid, porque tiña que realizar varios trámites legais. Entón pensei en saír con tempo para dedicarlles toda a mañá. Ademais tiña unha cita marcada cun avogado, así que comprei un billete para o voo das 7 da mañá. E total para nada, porque o avión saíu con catro horas de atraso. Toda a mañá perdida! Entón decidín queixarme e aí empezou todo o problema: primeiro porque os folletos cos dereitos para os pasaxeiros non están á vista e tes que solicitarllos ao persoal e non che poñen moi boa cara. Despois pedín un vale para a comida, que é algo que a compañía está obrigada a ofrecer, pero que é moi reticente a facilitarlles aos pasaxeiros. Despois cubrín a reclamación e, aos poucos días, coa resposta da compañía quedei de pedra: respóndenme que, segundo o regulamento, non teño dereito a unha indemnización, pero que a cambio me van recompensar con puntos na miña tarxeta de viaxeiro frecuente. Así que decidín facer outra reclamación porque xa me parece unha tomadura de pelo, vaia!

9. NO VERÁN

PISTA 19

- Pois cando eu era así un mozo, nos anos oitenta, por aí, na miña vila, que é de interior, durante o verán, pois o que pasaba era que se enchía cos emigrantes que viñan pasar as vacacións. E na miña terra viñan sobre todo de Venezuela e de Arxentina, e as rapazas que viñan de Venezuela parecíannos moi boas mozas porque vestían dun xeito moi axustada e tal, e falaban daquela maneira. E eses emigrantes, que eran fillos ou netos dos galegos que emigraran, pois estaban durante os meses de verán e era unha nota moi exótica na nosa vila. E o que facíamos era pois... durante o día ir á piscina e polas noites pois ir ás festas, que as había case cada día. Ías así facendo a ruta polas aldeas de festa en festa, e había moita xente, estaba todo moi animado. E agora o que se ve nesta vila e que mudou a xente que vén pasar o verán: xa case non veñen de Arxentina ou

de Venezuela, e os que veñen fano para quedar, pero non veñen de vacacións. E agora os que si veñen no verán pois son todos os emigrantes que están en distintas partes de España: moitos do País Vasco, de Cataluña, de Madrid e tal. E a xente xa non vai tanto ás festas, agora sáese máis na vila, nos bares, nas terrazas e tal, e van ao centro comercial facer as compras... Non sei, mudou todo.

12. AURIA

PISTA 20

1.

- Élida, ti liches *Xente ao lonxe*, non?
- Si, lina, lina.
- E gustouche?
- Pois non sei que dicirche. A verdade é que cando comecei deume algo de preguiza, unha novela longa, ambientada noutra época, con tantas personaxes. Ademais ás veces ten un ritmo narrativo un pouco lento.
- Xa...
- E despois que, ás veces, os contidos son un pouco desagradables dá a entender que a madurez dunha persoa só se cumpre cando ten relacións sexuais plenas. E, aínda por riba pagando. Ademais, imaxineime unha cidade con excesivos prexuízos, aínda moi dominada pola igrexa, cos rituais relixiosos dominando a vida da cidade.
- Ben, pero era talvez a mentalidade da época, non?
- Si, pode ser, pero, claro, unha vese xa un pouco afastada de todo iso. E cando les tamén buscas algo máis propio do teu tempo. Logo, tamén me pareceu moi maniquea: os señoritos, moi señoritos, o proletariado moi proletariado, coido que debería haber moita máis diversidade.
- Entón, non che gustaría vivir en Auria, non?
- De ningún xeito, ese clima social tan abafante. Afortunadamente, creo que as sociedades de hoxe son moito máis abertas e moito máis plurais.

PISTA 21

2.

- Xaime, a ti gústache Blanco Amor?
- Encántame. Lin case todas as súas obras.
- E iso?
- Pois porque creo que fai de Auria todo un espazo literario. Como consegue ser un cronista da cidade e do seu tempo. Os baixos fondos que aparecen en *A esmorga*, os conflitos sociais en *Xente ao lonxe*: o inicio do movemento obreiro, o poder da Igrexa nunha cidade episcopal como Ourense. E algúns dos relatos de *Os biosbardos*, con ese recendo a cidade provinciana. É unha gozada, incluso as personaxes

están moi ben caracterizadas. Parece que es ti tamén o que anda por alí, o que vai andando pola cidade. E por non falar do estilo narrativo tan innovador.

- Si, ademais descríbense moi ben as relacións sociais, verdade?
- Por suposto, non podías dar un paso adiante sen que ninguén o soubese, era moi difícil manter o anonimato e, xa non digamos, a clandestinidade. Supoño que sería moi difícil vivir e relacionarse con esa vixilancia continua sobre o que facías.
- Menos mal que hoxe se cambiou un pouco.
- Nin tanto, eh! Aínda continúa a haber bastante hipocrísia nas sociedades de hoxe, e as desigualdades sociais cada vez acentúanse máis. É certo que en cousas avanzamos bastante, pero noutras...
- Aínda ben!

UNIDADE 7

Antes de que sexa tarde

11. UNHA CAMPAÑA

PISTA 22

A.

(Este partido ímolo gañar...)

- Moi boas tardes a todos, hoxe imos xogar unha final a morte, comeza o partido.

PISTA 23

B.

(Este partido ímolo gañar...)

- Gañar o partido depende da puntaría de todos. Recorda depositar envases de plástico, latas e envases tipo brick no contedor amarelo, os envases de cartón e o papel no azul, e as botellas de vidro, frascos e tarros no verde. Separa para reciclar.

15. NATUREZA ÍNTIMA

PISTA 24

1.

Abride, as frescas rosas
 brilade, os caraveles;
 do seu xardín os árbores, vestidos
 cas lindas follas verdes;
 parras que un tempo sombra nos prestaches,
 a cubrivos de pámpanos volve.
 Natureza fermosa,
 a mesma eternamente,
 dille ós mortais, de novo ós loucos dille
 ique eles nomais perecen!

PISTA 25

2.

Ei ven o tempo de mazar o liño!
 COLGAN as mazorcas das solainas.
 Cain as castañas nos souts reprexados.
 Chega o lonxe ruxir das augas
 entre o tróupele-tróupele dos mazos...

/

SON das augas! Doado vir do lonxe!
 Expostas á coor i o son do Outono

as nembranzas logo serán pouso sin nome.

PISTA 26

3.

ningunha rosa
 do xardín
 recoñece xa
 os meus pasos
 que regresan
 sós

PISTA 27

4.

quen árbore

cando outono te abra como un libro
 e perdas folla a folla
 e a seiva a rastro tronco arriba
 sen azos para turrar

con todo freixo
 para ti chega con espreitar por marzo

bulir unha vez máis desenguruñar
 follas brancas tirar fóra
 rebentos

quen árbore e nacer en primavera
 trocar afáns por raíces
 quen freixo termendo do vento
 sen este frío

UNIDADE 8

Vivir para traballar

2. CONCILIACIÓN LABORAL

PISTA 28

1.

- Pois estouche moi descontenta. Traballo por quendas nunha conserveira e resúltame moi difícil compaxinar o traballo co coidado da miña nena de tres anos. Menos mal que che teño a meus pais que me botan unha man, pero ao non ter un horario regular, non sei, dáme a sensación de que algo do seu crecemento se me escapa. Non me importaría traballar menos horas ou ter as mañás ou as tardes libres, pero non son as normas da empresa...

PISTA 29

2.

- Co primeiro fillo conseguíamos ir tirando, pero co segundo as cousas fóronse complicando, sempre tiñamos que depender de terceiros. E unha persoa para coidalos levábanos todo o salario dun. Houbo que optar e a miña muller, aínda que levaba máis tempo no traballo ca min, terminou-no deixando.

PISTA 30

3.

- Eu estou moi decepcionado coa empresa. Despois de tantos anos de servizo e aínda que por antigüidade e formación me tocaba a min, ascenderon a outro compañeiro. A razón é que el está horas e horas no traballo, aínda que non faga nada. Pero como non ten nada mellor que facer, o director pensa que está moito máis implicado.

PISTA 31

4.

- A verdade é que para min non sei se cambiar de empresa foi unha boa decisión. Na anterior o xefe confiaba moito en min, tiña un horario flexible, porque sabía que terminaba o traballo na casa. Con Internet, o que resolvía na oficina tamén o podía resolver na casa, e iso permitíame, por exemplo, dar un paseo e aproveitar a tarde. Ademais, a min gústacheme ben traballar pola noite. O xefe que teño agora é moito máis estrito cos horarios e, francamente, vexo que renunciei a unha boa parte da miña liberdade.

4. APRENDER A ESCRIBIR

PISTA 32

- Ola, perdoa. Estou facendo un traballo sobre a composición de textos para a materia de Lingua. Podería facerche unhas preguntas?
- Si, claro.
- Pois parece que, polo xeral, a xente escribe cada vez menos. Ti escribes moito ou pouco?
- Pois a verdade é que escribo máis agora ca antes, porque co do correo electrónico, pois, claro, agora temos máis correspondencia, non?
- Mm.
- E, á parte de escribir varias mensaxes ao mesmo tempo, tamén participo en foros e, ben, xa sabes. Ademais, como estudante, en cada materia temos que entregar traballos escritos: resumos dalgúns artigos, presentacións de proxectos...
- Mm. E resúltache fácil ou difícil escribir?
- Pois, depende do texto: as mensaxes electrónicas, non, claro; escribir resumos, tampouco moito; e os textos que teñen unha estrutura moi marcada, como un currículo, por exemplo, tampouco me resultan difíciles, porque teñen moitas fórmulas e o que hai que facer é copialas e conectalas coa túa información.
- Claro, claro.
- Por exemplo, un texto informativo resúltame moi fácil. O que de verdade me resulta difícil é queixarme ou protestar a través dun texto. Un día tiven que escribirlle unha carta á compañía telefónica para reclamar e non souben atopar o ton. A verdade é que ese tipo de texto mátameme.
- Ah, si? E como escribes: prefires facer unha primeira versión e logo revisala, ou falo doutro xeito?
- Non, non. Eu son moi ordenado en todo. Para escribir sigo unha serie de pasos: fago un esquema, penso as ideas xerais que quero explicar e logo penso posibles subtemas

ou ideas asociadas. Logo, comezo a escribir e vou visualizando como pode quedar.

- Mm.
- Despois, fago algunhas modificacións sobre a estrutura e reviso ou corrijo se hai erros ou repeticións, ou tamén vou cambiando pequenos detalles...

7. ENTREVISTA DE TRABALLO

PISTA 33

- Buf! A verdade é que despois de entrevistar a tanta xente, aínda que pareza doada a cousa, non o é.
- Si, falamos con xente moi válida. Para min, por exemplo, os dous últimos son os mellores, ela... como se chamaba ela...? Pilar, pareceume moi espelida e unha persoa con moita iniciativa.
- Si, si... A min o que me pareceu máis interesante é que estivo a traballar no departamento de recursos humanos, ou sexa que ten moitísima experiencia nese sector.
- Si, ademais tiña que ser moi boa porque en moi pouco tempo pasou a dirixir o departamento: en menos de dous anos!
- Si, si, é que non me estraña. Fíxate nestas referencias que ten: os seus antigos xefes destacan que, grazas á súa xestión, a empresa incrementou os seus beneficios e chegou a ser a primeira no sector. Así que parece unha persoa moi válida.
- Si, desde logo, notábaselle na entrevista que lle pon ganas ao traballo e que se esforza moito, non si?
- Si, si.
- Ademais ten un currículo brillante.
- Si, si, pero non sei... o problema é que ten pouca experiencia no sector das editoriais.
- Boh!, pero dixo que aínda que tiña pouca experiencia no ramo, que lle interesaba moito o traballo. E dá a ver que aprende rápido.
- Xa, xa. E como se chamaba o mozo?
- Ignacio.
- Iso, Ignacio. Pois a min gustoume, e ten de bo que traballou nunha editorial.
- Si, pero pensa que era unha editorial pequena, cunha facturación de menos de dous millóns de euros.
- Si, pero aínda que fose unha empresa pequena tamén me parece moi capaz e ademais formouse no mundo editorial desde abaixo.
- Si, iso si.
- Se te fixas no seu currículo, a pesar de empezar promovendo as novidades editoriais, aos tres meses de estar na empresa subiu ata xefe de proxectos. Isto é que está afeito a emprender proxectos; de feito, entre as

súas tarefas está o coordinar a todo o equipo, ou sexa, que sabe dirixir equipos. Aínda que... non falaba inglés, non si?

- Non, non o fala. Creo que os idiomas eran o seu punto feble, aínda que ten unha formación excelente: máster en edición, varios cursos e seminarios... Se a súa formación é boa, pero o seu punto feble... É que o inglés... E non sei... E non che pareceu un pouco prepotente?
- Mm... Non sei...
- Si, como demasiado seguro de si mesmo.
- Pois non. Pareceume un rapaz ambicioso e que sabe o que quere. E a rapaza, Pilar, pareceume máis fría e distante, non sei se encaixará na empresa.

9. XEFES

PISTA 34

1.

- E ti, Rosa, tes algún recordo dalgún xefe en especial que tiveses?
- Pois si, sobre todo do meu xefe, mellor dito, da miña xefa, que era a dona dun bar onde comecei a traballar.
- Ah! Nun bar traballaches?
- Si, pois o típico, para pagarme os estudos.
- Xa.
- Pero é que era unha señora moi riquiña, moi boa, que te deixaba ao teu. E valoraba o traballo, a verdade e que lle teño moito aprecio. E que era moi noviña e axudoume moito a crer en min mesma, a valorar as miñas capacidades.
- Dirías que iso foi o que che ensinou, o que aprendiches desa xefa?
- Si, si, pois agora, eu, cando estou nun traballo e non dou feito, digo: “non, teño que facelo” ou “son quen de facelo”. E iso débollo a ela.

PISTA 35

2.

- E ti Xan, tes algún recordo dalgún xefe que tiveches?
- Pois si, tiven un xefe que era un señor moi serio e moi distante que, a pesar de que todos sabiamos que era moi boa persoa, nunca se achegou a nós.
- E era máis vello ca ti?
- Si, tería uns dez anos máis ca min. E era moi distante. Ese é o recordo máis grande que teño del.
- E custáballe comunicarse?
- Si, e que eu creo que o noso traballo sería máis efectivo se el deixase aberta unha posibilidade de comunicación.
- E ao longo desa experiencia hai algo que che ensinase?
- Pois si, por casualidade tiven que substituílo, fun eu quen o substituíu cando deixou o cargo. E decateime de que era básico o establecer ese nexo de unión entre o traballador e o xefe para facer máis efectivo o seu traballo.
- Ou sexa, que ao final aprendiches dos erros doutra persoa?
- Si, si. Foi unha gran lección.
- E, ao final, que dirías que tes: un bo ou un mal recordo desa persoa?
- Pois un bo recordo, porque era moi boa persoa.